



## NOTA DE PRENSA

O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA (COBGA) denuncia a última convocatoria para ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, na especialidade de bioloxía.

*Santiago, 5 de decembro de 2019.*- O pasado 28 de novembro publicouse no DOG a convocatoria correspondente, na que se establece como requisito de titulación o “título universitario oficial de licenciada/o ou graduada/o nunha titulación da rama de ciencias”.

Na rama de ciencias, según o dispón a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, inclúense as seguintes titulacións: Bioloxía, Bioquímica, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Ciencias e Técnicas Estatísticas, Física, Xeoloxía, Matemáticas, Química, Enoloxía.

Xa no trámite de dita lei no ano 2015, o COBGA realizou diferentes e intensas xestións diante dos grupos parlamentarios do Pazo do Hórreo, coa propia Administración concernida, advertindo das graves consecuencias que acarrearía agrupar -a efectos de emprego público- titulacións diversas nun mesmo grupo, xa que é evidente que o contido curricular non é equiparable en todas elas. Deste xeito chégase a un resultado disparatado: que a homologación de todas as titulacións da rama de ciencias, permite que **a una praza da especialidade de Bioloxía poidan concurrir tan dispares opcións académicas**. Ademais, esta decisión da Administración vulnera claramente o principio de especialidade que rexe no sistema consitucional de acceso á función pública (arts. 14, 23.2 e 103.3 da CE), equiparando titulacións diferentes da rama de ciencias.

Existe unha regulación específica da profesión de Biólogo, perfectamente definida e diferenciada das demais da rama de ciencias, o que permite concluir que **á especialidade de bioloxía debe accederse exclusivamente coa titulación de Bioloxía**.

O caso é que tales demandas, perfectamente razoables e asumibles, non foron atendidas pola Administración autonómica, e deste xeito atopámonos agora cunha convocatoria absurda, no que respecta ao acceso a prazas da especialidade de bioloxía, e na que se da una total ausencia de sentido común, que é o primeiro principio xeral do dereito.

O COBGA insiste en reclamar que, para o acceso á especialidade de bioloxía do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, se requira unicamente a propia titulación, como única garantía de que as funcións concretas a desempeñar no posto de traballo (estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior) sexan cabal, eficaz e eficientemente desenvolvidas, como se espera dunha Administración pública.

Banquete de Conxo, 6

Apdo. 1130 15780 Santiago de Compostela tel.981 531 440 fax 981 534 225  
info@biologosdegalicia.org [www.biologosdegalicia.org](http://www.biologosdegalicia.org)